



BOP

MARTES, 23 DE OCTUBRE DE 2012

Nº 244

DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE FORMACIÓN

Anuncio

CONVOCATORIA DE CURSOS DO PLAN AGRUPADO DE FORMACIÓN CONTINUA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA O ANO 2012

Por Resolución da Presidencia de 10 de xullo de 2012 foron aprobadas as accións formativas de Formación Continua da Deputación de Lugo para o ano 2011; esta Presidencia en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e Lei 11/99 de 21 de abril, de modificación da anterior **RESOLVE**:

Primeiro.- Convocar para a súa realización as seguintes accións formativas:

- A INSERCIÓN SOCIOLABORAL DE PERSOAS DESEMPREGADAS "ON LINE"
- LEI ORGÁNICA DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL NAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS "ON LINE"
- XESTIÓN ORZAMENTARIA, ENDEBEDAMENTO E ESTABILIDADE ORZAMENTARIA NO ÁMBITO LOCAL
- PROCESOS INFORMÁTICOS EN MATERIA DE XESTIÓN E RECADACIÓN TRIBUTARIA
- XESTIÓN CATASTRAL
- DESBLOQUEO EN MONTACARGAS ELEVADORES E ASCENSORES
- TÉCNICAS DE XESTIÓN DE EQUIPOS EN SERVIZOS SOCIAIS
- PROGRAMAS EUROPEOS E XESTIÓN INTERNACIONAL "ON LINE"
- REFORMA DA LEI CONCURSAL: LEI 38/2011 DE REFORMA DA LEI 22/2003
- INCIDENCIA DA REFORMA LABORAL NAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS "ON LINE"

Segundo: Ordena-la publicación da súa convocatoria, bases e anexos no BOP.

As características e contidos específicos destes cursos detállanse no anexo I e desenvolveranse de acordo coas seguintes:

BASES XERAIS

Primeira.- Solicitudes:

1.- O persoal que desexe participar nestes cursos presentará cuberta, en tódolos epígrafes que corresponda, a instancia segundo o modelo oficial publicado no BOP, debendo a mesma contar co informe da Entidade Local, sinatura e selo do superior xerárquico (Presidente, Alcalde, Xefe de Servicio....).

2.- A falsidade ou ocultación dos datos esenciais para a selección dos aspirantes dará lugar á exclusión automática do curso.

3.- O prazo de presentación das solicitudes rematará o **7 novembro 2012 ás 13:00 h.**

4.- A dita documentación dirixirase ó Ilmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial de Lugo, Gabinete de Formación, por:

-**Presentación directa:** No Rexistro Xeral da Deputación de Lugo.

-**Correo postal:** Rúa San Marcos, 8 - 27001 Lugo.

-**Fax:** 982 260 169

-**Correo electrónico:** formacion@deputacionlugo.org

-**E demais lugares** de conformidade co artigo 38.4º da Lei 30/1992, 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Segunda.- Acceso e participación nas accións formativas:

1.- Poderá participa-lo persoal que cumpra os requisitos específicos esixidos no anexo I.

2.- O Gabinete de Formación poñerase en contacto cos peticionarios, asemade poderán obter confirmación da súa posible admisión chamando ós números de teléfono 982 260 065 / 982 260 035.

3.- A non comparecencia ou abandono dun participante admitido a unha acción formativa terá como consecuencia que, durante dous anos, non será admitido ás distintas accións formativas convocadas pola Deputación Provincial de Lugo.

Terceira.- Certificacións:

Se expedirá certificado de asistencia ou certificado de asistencia e aproveitamento ós alumnos/as que asistan ó curso. Unha inasistencia superior ó 15% no cómputo total das horas programadas, imposibilitará a expedición da certificación acreditativa.

- a) **Certificación de asistencia, ou**
- b) **Certificación de asistencia con aproveitamento:** trala superación das probas pertinentes, as cales, terán carácter voluntario:

En calquera dos supostos só se expedirá unha única Certificación.

Cuarta.- Modificacións:

A Deputación Provincial de Lugo, poderá modifica-lo desenvolvemento e mailos contidos dos cursos co obxecto de adaptalos ás necesidades da Administración e ás contingencias que poidan xurdir.

Lugo, 18 de outubro de 2012.- O Presidente: José Ramón Gómez Besteiro. O Secretario: José Antonio Mourelle Cillero

ANEXO I**CARACTERÍSTICAS E CONTIDOS ESPECÍFICOS**

Código A. F.: **01.03.01.12**

Denominación: **A INSERCIÓN SOCIOLABORAL DE PERSOAS DESEMPREGADAS "ON LINE"**

Destinatarios: **Axentes de desenvolvemento local, axentes de emprego, traballadores sociais, mediadores e educadores sociais, animadores socioculturais, etc. da Administración Local da provincia de Lugo**

Nº de edicións: **01**

Participantes por edición: **50**

Horas por edición: **40**

Calendario previsto: **Do 19 novembro ó 21 decembro de 2012**

OBXECTIVOS:

- Determinar procesos de detección e identificación de recursos sociolaborais e formativos para a inserción laboral de usuarios.
- Estruturar información sobre recursos sociolaborais e formativos elaborando documentación que sirva para a súa difusión e/ou rexistro.
- Describir procedementos que permitan establecer e manter relacións de colaboración con empresas e institucións, desenvolvendo accións de intermediación laboral e sensibilización empresarial favorecedoras de inserción dos usuarios.

PROGRAMA:

- Colectivos destinatarios da inserción laboral. Colectivos prioritarios.
- Mercado laboral e inserción sociolaboral de persoas traballadoras desempregadas.
- Recursos sociolaborais e formativos para persoas traballadoras desempregadas.
- Análise de postos de traballo para a inserción sociolaboral.
- Recollida, análise e organización da información na inserción sociolaboral.

Código A. F.: **01.05.01.12**

Denominación: **LEI ORGÁNICA DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL NAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS "ON LINE"**

Destinatarios: Persoal técnico e administrativo da Administración Local da provincia de Lugo que desempeñe as súas funcións na área xurídico-procedemental

Nº de edicións: **01**

Participantes por edición: **50**

Horas por edición: **30**

Calendario previsto: **Do 26 novembro ó 20 decembro de 2011**

OBXECTIVOS:

O obxectivo principal deste curso é dar a coñecer os principios fundamentais da Lei Orgánica de Protección de Datos (LOPD) e o seu ámbito de aplicación no ámbito de empresa. Tras a súa realización, o alumno estará en disposición de:

- Coñecer as disposicións sobre seguridade de datos persoais
- Coñecer as obrigas da compañía con respecto a terceiros
- Coñecer as obrigas e dereitos das empresas con respecto á LOPD
- Comprender posibles ambigüidades da Lei
- Resolver problemas de aplicación práctica na organización

PROGRAMA:

- Introdución á LOPD
- Diferenzas entre a LOPD e a LORTAD
- Ámbito da LOPD
- O consentimento do afectado
- Dereitos outorgados aos titulares de datos persoais
- Comunicación e cesión de datos a terceiros
- Pasos a seguir para cumprir a LOPD
- Tipos de infraccións, as súas sancións e a súa prescrición
- Estrutura da lei e os seus títulos
- A seguridade dos datos
- Casos prácticos de aplicación da LOPD

Código A. F.: **01.06.01.12**

Denominación: **XESTIÓN ORZAMENTARIA, ENDEBEDAMENTO E ESTABILIDADE ORZAMENTARIA NO ÁMBITO LOCAL**

Destinatarios: **Persoal do corpo da policía local da provincia de Lugo.**

Nº de edicións: **01**

Participantes por edición: **20**

Horas por edición: **25**

Calendario previsto: **10, 11, 12, 13, 17 e 18 decembro de 2012**

Horario: **Das 16:30 h. ás 20:30 h.**

Lugar celebración: **Aulas de Formación Deputación Lugo**

OBXECTIVOS:

Actualizar coñecementos no ámbito local e aplicación práctica en materia de xestión orzamentaria, endebedamento e estabilidade orzamentaria.

PROGRAMA:

- 1. XESTIÓN ORZAMENTARIA:**
 - Marco xurídico, concepto de orzamento e principios xerais.
 - Contido, elaboración e aprobación do orzamento.
 - Estrutura orzamentaria.
 - Modificacións orzamentarias.
 - Xestión do orzamento de ingresos e gastos.
 - Liquidación do orzamento, resultado orzamentario e remanente de tesouraría.
- 2. ENDEBEDAMENTO**
 - Marco xurídico, concepto e tipoloxía de operacións de crédito.
 - Precedimientos, competencias, requisitos e límites.
 - Plans de saneamento.
- 3. ESTABILIDADE ORZAMENTARIA**
 - Marco xurídico, concepto e aplicación nas entidades locais.
 - Cálculo da estabilidade orzamentaria e axustes sec-95.
 - Avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.
 - Plans económico-financeiros de reequilibrio.
 - Información a subministrar pola normativa de estabilidade orzamentaria.

Código A. F.: **01.08.01.12**

Denominación: **PROCESOS INFORMÁTICOS EN MATERIA DE XESTIÓN E RECADACIÓN TRIBUTARIA**

Destinatarios: **Persoal da Administración Local da provincia de Lugo que necesite afondar no coñecemento desta aplicación informática en xestión e recadación tributaria**

Nº de edicións: **01**

Participantes por edición: **20**

Horas por edición: **20**

Calendario previsto: **Do 19 ó 23 de novembro de 2012**

Horario: **Das 16:30 h. ás 20:30 h.**

Lugar celebración: **Aula de Informática Deputación Lugo**

OBXECTIVOS:

Coñecemento e manexo dun programa informático no ámbito da xestión e recadación dos tributos.

PROGRAMA:

1. CONFIGURACIÓNS

2. XESTIÓN TRIBUTARIA

-I.V.T.M.

- Liquidacións e autoliquidacións
- Intercambio e información con tráfico
- Mantemento e xestión do padrón

-I.B.I.

- Natureza urbana. Natureza rústica
- BICES
- Liquidacións
- Intercambio de información co catastro
- Mantemento e xestión do padrón

-I.A.E.

- Liquidacións
- Intercambio de información coa AEAT
- Mantemento e xestión do padrón

-EXACCIÓNS.

-MANTEMENTO E XESTIÓN DO PADRÓN.

3. XESTIÓN RECAUDATORIA

- Recadación en período voluntario liquidacións, padróns, domiciliacións, etc
- Recadación en período executivo expedientes, procesos de embargo, etc.
- Cadernos bancarios
- Notificacións
- SICER
- Aprazamentos e fraccionamentos
- Suspensións e baixas

4. DOCUMENTOS, EQUIPOS, LISTADOS, ETC.

Código A. F.: **01.09.01.12**

Denominación: **XESTIÓN CATASTRAL**

Destinatarios: **Persoal da Admón. Local da provincia de Lugo cuxas funcións estean relacionadas coa xestión catastral**

Nº de edicións: **01**

Participantes por edición: **20**

Horas por edición: **20**

Calendario previsto: **Do 19 ó 23 de novembro de 2012**

Horario: **Das 16:30 h. ás 20:30 h.**

Lugar celebración: **Aula de Formación Deputación Lugo**

OBXECTIVOS:

Dar a coñecer o catastro nas súas diferentes vertentes dende unha visión práctica. Para elo, analizaranse aspectos institucionais, xurídicos e técnicos, tomando como referencia meramente ilustrativa o modelo catastral español tanto rústico como urbano.

PROGRAMA:

1. **BIENES INMUEBLES A EFECTOS CATASTRALES, CONCEPTOS Y CLASES.**
-Referenciación
2. **TITULARES CATASTRALES Y REPRESENTACIÓN.**
-Derechos y Deberes.
-Procedimientos de Incorporación. Declaraciones, comunicaciones y solicitudes.
3. **VALORACIÓN CATASTRAL**
-Procedimientos de Valoración Colectiva, Actualizaciones y Mantenimiento.
4. **EL CATASTRO RÚSTICO.**
-Las subsanaciones de discrepancias.
5. **EL MODELO DE DATOS DEL CATASTRO.**
-Aplicaciones. Ficheros de Intercambio y Formatos.

Código A. F.: **01.10.01.12**

Denominación: **DESBLOQUEO EN MONTACARGAS ELEVADORES E ASCENSORES**

Destinatarios: **Bombeiros e persoal de Agrupacións de Protección Civil da provincia de Lugo**

Nº de edicións: **01**

Participantes por edición: **15**

Horas por edición: **15**

Calendario previsto: **26 e 27 de novembro 2012**

Horario: **Das 8:00 h. ás 15:00 h.**

Lugar celebración: **Parque dos Bombeiros de Lugo**

OBXECTIVOS:

Coñecer as características e tipos de aparatos elevadores existentes no mercado e que teña os coñecementos suficientes para facilitar a apertura de portas, bloqueo e desbloqueo dos aparatos elevadores e conseguir que calquera cidadán que se quedase bloqueado no ascensor, evacualo nas mellores condicións de seguridade.

PROGRAMA:

- Aparatos elevadores. concepto, funcionamento e características
- Tipos de aparatos elevadores e o seu funcionamento
- Maquinaria
- Bloqueos e desbloqueo
- Apertura de portas
- Accionamento manual
- Prácticas reais con distintos tipos de ascensores

Código A. F.: **01.16.01.12**

Denominación: **TÉCNICAS DE XESTIÓN DE EQUIPOS EN SERVIZOS SOCIAIS**

Destinatarios: **Traballadores sociais, educadores sociais, animadores socioculturais e persoal de servizos sociais da Administración Local da provincia de Lugo.**

Nº de edicións: **01**

Participantes por edición: **20**

Horas por edición: **20**

Calendario previsto: **Do 26 ó 30 novembro 2012**

Horario: **Das 16:30 h. ás 20:30 h.**

Lugar celebración: **Aulas de Formación Deputación Lugo**

OBXECTIVOS:

- Traballar ferramentas e actitudes que permitan desenvolver de xeito integral todo o proceso de creación e desenvolvemento do meu equipo real de traballo.
- Identificar os meus / nosos puntos fortes e aspectos a mellorar.
- Aprender a favorecer as sinerxías de equipo.
- Desenvolver unha capacitación proactiva sobre como ilusionar/motivar equipos.

PROGRAMA:

- ¿Que é un equipo? Fases de desenvolvemento. Características dun equipo de alto rendemento.
- Dirección de reunións.
- Como mellorar a miña comunicación co equipo. Xestión de conflitos, negociación.
- Liderado, motivación e estilos de dirección: visión, misión e obxectivos.
- Planificación do tempo na xestión de equipos.

Código A. F.: **01.19.01.12**

Denominación: **PROGRAMAS EUROPEOS E XESTIÓN INTERNACIONAL "ON LINE"**

Destinatarios: **Xestores de proxectos europeos e técnicos especializados en innovación, medioambiente e enerxía da Administración Local da provincia de Lugo, interesados na internacionalización a través de fondos europeos.**

Nº de edicións: 01

Participantes por edición: **50**

Horas por edición: **80**

Calendario previsto: Do 14 novembro ó 19 decembro 2012

OBXECTIVOS:

Deseñar, manter e producir informes e etiquetas, aprender o deseño avanzado de táboas: regras de validación, índices e autoformularios, importar e exportar información dende as bases de datos, coñecer distintos tipos de bases de datos e as súas características, crear macros, módulos, subformularios, páxinas dinámicas e estáticas, manter a seguridade da base de datos: como protexer, restrinxir e dar acceso á información.

PROGRAMA:

1. Introducción Fondos Europeos
 - ¿Qué son los Fondos Europeos?
 - Beneficios de los Fondos Europeos
 - Los Fondos Europeos en la Diputación de Lugo
2. Beneficiarios Fondos Europeos
3. Tipología de fondos
 - Interreg
 - SUDOE
 - FSE
 - FEDER
 - LIFE +
 - Séptimo
- Programa Marco
4. Conclusiones

Código A. F.: **01.20.01.12**

Denominación: **REFORMA DA LEI CONCURSAL: LEI 38/2011 DE REFORMA DA LEI 22/2003**

Destinatarios: **Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter estatal, maxistrados e técnicos da Administración Local da provincia de Lugo**

Nº de edicións: 01

Participantes por edición: **20**

Horas por edición: **20**

Calendario previsto: Do 10 ó 14 decembro de 2012

Horario: Das 16:30 h. ás 20:30 h.

Lugar celebración: Aulas de Formación Deputación Lugo

OBXECTIVOS:

Poñer en coñecemento dos participantes a reforma da Lei 22/2003 recollida na Lei 38/2011

PROGRAMA:

- A declaración de concurso.
- A administración concursal.
- Efectos da declaración de concurso sobre o debedor.
- Efectos do concurso sobre os acredores.
- Efectos da declaración de concurso sobre o contrato.
- A determinación da masa activa e as accións revocatorias.
- A determinación da masa pasiva.
- As fases de convenio e de liquidación.
- Cualificación do concurso.
- Insolvencias punibles.

Código A. F.: **01.21.01.12**

Denominación: **INCIDENCIA DA REFORMA LABORAL NAS ADMÓNS. PÚBLICAS "ON LINE"**

Destinatarios: Persoal técnico e administrativo da Administración Local da provincia de Lugo cuxas funcións estean relacionadas coa xestión dos Recursos Humanos

Nº de edicións: 01

Participantes por edición: 50

Horas por edición: 30

Calendario previsto: Do 19 novembro ó 21 decembro 2012

OBXECTIVOS:

- Analizar a reforma laboral de marzo de 2012.
- Coñecer os aspectos da reforma laboral relacionados cos empregados públicos.

PROGRAMA:

- Modificacións da reforma laboral vinculadas ás administracións públicas.
- Despidos Colectivos e supresion de relacións laborais.
- Despidos obxectivos e salario de tramitación.
- Medidas en materia de negociación colectiva.
- Flexibilidade interna: clasificación profesional, mobilidade funcional e xeográfica.
- Especialidades nos contratos mercantís e de alta dirección do sector público estatal.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
Gabinete de Formación



ANEXO II
SOLICITUDE INSCRIPCIÓN NAS ACCIÓNS FORMATIVAS

1. Título acción formativa.	Código A.F.

2. Datos personais				
Nome:	Primeiro Apelido	Segundo Apelido	N.I.F.	
1.1.1.1				
Enderezo particular:	Localidade	Provincia	Teléf. Particular	

3. Datos profesionais											
Posto de traballo:	Grupo:	A1	A2	B	C1	C2	E	Nivel:	Entidade	Dependencia	Data ingreso
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			
Enderezo posto traballo			Localidade			Provincia		Teléf. Traballo		Fax traballo	
Correo electrónico			Minusvalía física		Si	Non	Preferencia realización curso		Mañá	Tarde	
					<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Funcións que desempeña:											

4. Datos Académicos.									
<input type="checkbox"/>	Certificado de Escolaridade ou títulos equivalentes.								
<input type="checkbox"/>	Graduado Escolar / Graduado en ESO / FP I ou títulos equivalentes.								
<input type="checkbox"/>	Bacharelato Superior / BUP / FP II ou títulos equivalentes								
<input type="checkbox"/>	Diplomado Universitario / Enxeñeiro Técnico ou títulos equivalentes								
<input type="checkbox"/>	Licenciado Universitario / Enxeñeiro Superior ou títulos equivalentes.								

5. Declaración.
Declaro baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos que apporto á solicitude que abaixo asino.

6. Informe Entidade Local			
<input type="checkbox"/>	Favorable	<input type="checkbox"/>	Desfavorable
Sinatura e selo (Alcalde, Presidente, Xefe de Servicio...)			

SOLICITO realiza-la acción formativa ou actividade de referencia.

a de de

Sinatura

ILMO. SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

Gabinete Provincial de Formación. R/ San Marcos, 8. 27001 Lugo. Telf: 982 260 065 / 982 260 035. Fax 982 260 169. e-mail: formacion@deputacionlugo.org

CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 10 de outubro de 2012, prestouse aprobación inicial ao padrón da Taxa por Ocupación de Beirarrúas con mesas e sillas correspondente ao ano 2012.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 10/12/2012. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Caixa Galicia. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 15 de outubro de 2012.- O Alcalde, ManuelMartínez Núñez

R. 4292

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 10 de outubro de 2012, prestouse aprobación inicial aos padróns correspondentes ao 3º trimestre do ano 2012 das:

- Taxa polo subministro de auga.
- Taxa pola recollida de lixo.
- Taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros e depuración.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 1.684/1990, de 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dende o 11/10/2012 ata o 10/12/2012. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pago en calquera oficina de Caixa Galicia. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá persoarse nas oficinas municipais, para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberan acudir as oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 15 de outubro de 2012.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez

R. 4293

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 10 de outubro de 2012, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de setembro de 2012 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 10/12/2012. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Caixa Galicia. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 15 de outubro de 2012.- O Alcalde, Manuel Matínez Núñez

R. 4294

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobado por decreto da Alcaldía 5 de outubro de 2012 o padrón do 3º trimestre do ano 2012 correspondente a auga, lixo, saneamento e sumidoiros, por medio do presente faise público que durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, queda de manifesto nas oficinas do Concello de Guitiriz, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación do correspondente padrón, poderá interpoñerse con carácter preceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública do correspondente padrón.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón de auga, lixo, saneamento e sumidoiros correspondentes ao terceiro trimestre do 2012, terá lugar dende o día 08/10/2012 ao 08/01/2013 (ambos incluídos).

O cobramento efectuarase nalgunha das seguintes modalidades:

- a) Nas dependencias municipais de recadación, en horario laboral de luns a venres, de 9 a 14 horas.
- b) Mediante o sistema de domiciliación bancaria, segundo os datos facilitados polos suxeitos pasivos e que obran nesta Administración. Rogamos comprobemos os recibos remitidos polas entidades bancarias, a fin de solucionar posibles incorreccións.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no citado artigo 102.3 da Lei xeral tributaria.

Transcurrido o prazo de pago en período voluntario, as débedas relativas á auga, lixo e sumidoiros faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles os recargos do período executivo e xuros de demora que correspondan, tal e como ese estipula nos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

Se o canon da auga se non se fixera efectivo no período voluntario sinalado, suporá a exixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, faise saber que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

Guitiriz, 8 de outubro de 2012. Alcalde, Xosé María Teixido Núñez.

R. 4295

LUGO

Anuncio

DECRETO NÚMERO 12008592

**Excmo. Sr. DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Alcalde- Presidente do Excmo. Concello de Lugo.
Lugo, dez de outubro de dous mil doce.**

Unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 177, do 2 de agosto de 2012 o Decreto nº 12006227, do 20 de xullo de 2012, ditado polo Excmo. Sr. Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Lugo, polo que se aprobaron as listas provisionais de admitidos e excluídos no procedemento selectivo convocado para a cobertura, en quenda libre, dunha praza de Técnico/a Superior en Informática e, polo que se concedeu un prazo de dez días hábiles para a presentación de enmendadas.

Esta Alcaldía, en virtude das atribucións conferidas polos artigos 124 e 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como do acordo nº 2/444 da Xunta de Goberno Local, do 27 de xuño do 2011, en relación cos Decretos nºs. 60/2011 e 70/2011 do Libro de Resolucións da Alcaldía: Actas e Goberno e Normalización Lingüística, do 23 de xuño e 18 de xullo, respectivamente, **RESOLVE:**

